

## Estadística de edificación e vivenda. Xaneiro 2007

### COMUNICADO

### O ano 2007 comeza cun elevado crecemento da variación neta do parque de vivendas.

**En xaneiro de 2007 a variación neta do parque de vivendas aumentou un 105,6% con respecto a xaneiro de 2006**

A variación neta do parque de vivendas en xaneiro de 2007 foi de 4.278 vivendas, supoñendo un aumento do 105,6% fronte ao rexistrado en xaneiro de 2006.

Este forte crecemento de xaneiro de 2007 débese ao crecemento das vivendas a crear en nova planta, que presenta unha taxa interanual de 118,7%. As vivendas a crear en rehabilitación, que descenden un 59,7%, e as vivendas a demoler, que crecen un 45,2%, minoran o crecemento do parque de vivendas.

#### Estadística de construción de edificios. Xaneiro 2007.


	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Superficie total. Nova planta. (miles de m <sup>2</sup> )	748	87,2%	87,2%
Variación neta parque de vivendas (número)	4.278	105,6%	105,6%
Vivendas a crear			
Vivendas a crear en nova planta	4.336	118,7%	118,7%
Vivendas a crear en rehabilitación	77	-59,7%	-59,7%
Vivendas a demoler	135	45,2%	45,2%
<b>Datos corrixidos de efecto calendario</b>			
Superficie total. Nova planta. (miles de m <sup>2</sup> )	720	79,2%	79,2%
Vivendas a crear en nova planta	4.180	109,5%	109,5%

Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construción de edificios

**A superficie total da edificación de nova planta creceu un 87,2% en xaneiro de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior**

En xaneiro de 2007 a superficie total a edificar presenta unha taxa de variación interanual do 87,2%, crecemento que se observa tanto na superficie destinada a vivenda, taxa interanual de 85,5%, como na non residencial que mostra un aumento interanual do 123,9%. Corrixida de efecto calendario a superficie total aumenta un 79,2%.

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual da superficie total de edificios de nova planta dende 1996.



Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construción de edificios

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>